

REPSOL E DOWN CORUÑA UNHA COLABORACIÓN DESDE HACE UNHA DÉCADA

Desde 2010 apoiáronse anualmente o desenvolvemento de cinco proxectos de integración centrados principalmente na atención temperá; na dotación material da sede; no deporte como base de integración social; na formación e integración laboral e na autonomía e independencia persoal dos mozos con síndrome de Down.



Ao longo desta última década, a refinería na Coruña colaborou en diferentes proxectos de Down Coruña, dentro do compromiso de Repsol por promover a igualdade e a diversidade e por facilitar a integración de persoas con discapacidade.



Destacan as máis de cinco edicións do *Programa Emprego con Apoio*, polo que mozos asociados fixeron prácticas formativas nas instalacións de Repsol; o *Programa Vivendas Transitorias Independentes*, que permite que mozos asociados de Down Coruña poidan vivir de forma independente; as bolsas deportivas para que poidan asistir ao *campamento de verán de Básquet Coruña* ou o acordo de colaboración entre ambas as entidades para a dotación para material e mobiliario da actual sede de Down Coruña, situada en Pedralonga.

PROXECTO 2018-2019

O último proxecto que está a levar actualmente Repsol e a Asociación Down Coruña é a Aula Fundación Repsol dirixida a familiares de nenos asociados desde os 0 ata os 18 anos.

Desde o nacemento dunha persoa con síndrome de Down os pais convértense no referente dos seus fillos para ofrecerlles experiencias que lles ensinen a tomar as súas propias decisións e a asumir responsabilidades co fin de axudarlles a alcanzar o máximo nivel de independencia.

Con este obxectivo, a asociación Down Coruña ofrece diferentes servizos a familiares e este 2019 pon en marcha a Aula Fundación Repsol, un espazo que xorde dentro do seu programa Crecendo en Familia e como unha extensión ao Servizo de Atención a Novos Pais.

Este espazo está dirixido a nenos de 0 a 12 anos e permite aos máis pequenos xogar, experimentar e aprender en compañía da súa familia. Nel levan a cabo actividades conxuntas por parte dos nenos e das súas familias e que estimulan o seu desenvolvemento e estreitan o vínculo afectivo entre ambas as partes.

Ademais para idades comprendidas entre os 13 e os 18 anos créase un punto de encontro destinado a compartir o lecer e o tempo libre entre os mozos e mozas co apoio das súas familias.